

Praias e Portos Deportivos con Bandeira Azul na provincia da Coruña

01/06/2020

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

R.T.: ATV - APM

ÍNDICE

1. Introducción-----	4
2. “Guía de Interpretación dos criterios Bandeira Azul para praias 2020” -----	5
2.1 Calidade de augas de baño-----	5
2.2 Seguridade e servizos -----	6
2.3 Xestión ambiental -----	6
2.4 Información e educación ambiental -----	7
3 Inventario de praias con Bandeira Azul por concellos -----	9
3.1 Praias con Bandeira Azul do Concello de Ferrol -----	9
3.2 Praias con Bandeira Azul do Concello de Miño -----	11
3.3 Praias con Bandeira Azul do Concello de Oleiros -----	11
3.4 Praias con Bandeira Azul do Concello de A Coruña -----	14
3.5 Praias con Bandeira Azul do Concello de Arteixo-----	16
3.6 Praias con Bandeira Azul do Concello de A Laracha -----	20
3.7 Praias con Bandeira Azul do Concello de Carballo -----	20
3.8 Praias con Bandeira Azul do Concello de Ponteceso -----	22
3.9 Praias con Bandeira Azul do Concello de Camariñas -----	23
3.10 Praias con Bandeira Azul do Concello de Dumbría-----	24
3.11 Praias con Bandeira Azul do Concello de Boiro -----	24
3.12 Praias con Bandeira Azul do Concello de Laxe -----	26
3.13 Praias con Bandeira Azul do Concello de Bergondo -----	26
3.14 Praias con Bandeira Azul do Concello de Ribeira -----	27
4. “Guía de interpretación dos criterios para a concesión de Bandeira Azul para portos 2020” 28	
4.1 Información e Educación Ambiental-----	28
4.2 Xestión Ambiental-----	29
4.3 Seguridade e Servizos -----	31
4.4 Calidade das augas-----	31
4.5 Responsabilidade Social Corporativa -----	32
5. Inventario de Portos Deportivos con Bandeira Azul-----	32
5.1 Club Náutico Marina Cabo de Cruz (Boiro)-----	32
5.2 Real Club Náutico Portosín (Porto do Son)-----	33
5.3 Club Náutico de Camariñas -----	33

5.4	Club Náutico Marina Real (A Coruña) -----	34
5.5	Club Náutico Sada -----	34
5.6	Puerto Deportivo Sadamar-----	35
6	Bibliografía-----	36

1. Introducción.

A provincia de Coruña ten o privilexio de contar no ano 2020 con 37 praias e 6 portos deportivos galardoados co distintivo de Bandeira Azul. O galardón outórgao a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), asociación que xestiona en España o Programa Bandeira Azul da organización non governamental FEE (Fundación Europea de Educación Ambiental).



RELACIÓN DE PLAYAS GALARDONADAS CON BANDERA AZUL 2020



ACORUÑA

A Coruña

As Lapas
Orzán-Matadero
Oza
Riazor
San Amaro

A Laracha

Caión

Arteixo

A Hucha
A Salsa (Repibelo)
Barrañán
Combouzas
O Reiro
Sabón
Valcobo

Bergondo

Gandarío

Boiro

Barraña
Barraña Saltiño
Carragueiros

Camariñas

Arou

Carballo

Pedra do Sal
Razo
Saíñas

Dumbría

Ézaro

Ferrol

A Fragata-Pareixal
Doniños
Esmelle
San Xurxo

Laxe

Laxe

Miño

Perbes-Andahío

Oleiros

Bastiagueiro
Espíñeiro
Mera
Naval
Santa Cristina

Ponteceso

A Ermida
Balarés
O Osmo

Ribeira

Coroso

Fonte: ADEAC

O programa Bandeira Azul comezou en Francia no ano 1986, estendéndose o outorgamento de galardóns en toda Europa desde 1987. O obxectivo do programa é promover o desenvolvemento sustentable das zonas litorais, a través da esixencia duns criterios elevados na calidade das augas de baño, a seguridade, a xestión ambiental e a información e educación ambiental. Si unha praia galardoadada con Bandeira Azul deixa de cumprir algún dos criterios anteriores a Bandeira Azul deixará de ondear na devandita praia.

2. 2. “Guía de Interpretación dos criterios Bandeira Azul para praias 2020”

Para facilitar o cumprimento dos criterios mencionados, a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), pon ao dispor de todo o público a ‘Guía de Interpretación dos criterios Bandeira Azul para praias 2020’¹.

2.1 Calidade de augas de baño

Dentro da categoría de calidade de augas de baño, para conseguir o galardón débense cumprir de maneira imperativa unha serie de criterios:

-  Cumprimento dos requisitos dunha calidade excelente das augas de baño. Con medicións dos parámetros microbiolóxicos e parámetros físico-químicos das augas de baño de como mínimo, 8 mostras ao ano, que en época estival deben realizarse cun intervalo máximo de 30 días entre as mostras.
-  Ausencia de verteduras de augas residuais industriais, así como calquera outro vertido non autorizado ou que conteña sustancias contaminantes e afecten á praia ou a súa contorna.
-  Medidas de control da boa saúde ambiental dos arrecifes de coral próximos á praia. Este criterio non é formalmente aplicable ás praias de Europa, pero si convén reter o seu sentido de protección dos ecosistemas mergullados, fráxiles próximos e o respecto á prohibición de recollida, manipulación ou comercio de exemplares ou partes de especies protexidas.
-  Cumprimento por parte do municipio dos requisitos establecidos para o tratamento das augas residuais urbanas. Comprobándose o cumprimento da Directiva 91/271/CEE de Augas Residuais Urbanas² nas depuradoras correspondentes.
-  As algas e restos de vexetación na praia non deberían recollerse na medida que a súa acumulación e podremia non resulten claramente molestas e insalubres.

¹ Guía de Interpretación dos criterios Bandeira Azul para praias 2020. Dispoñible en: <http://www.banderaazul.org/sites/default/files/2020/GuiaPlayasBA2020.pdf>

² Directiva do Consello, de 21 de maio de 1991, sobre o tratamento das augas residuais urbanas. Dispoñible en: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=DOUE-L-1991-80646>

2.2 Seguridade e servizos

Dentro desta categoría os criterios a cumprir son:

- ✿ Presenza de socorristas acuáticos contratados con certificación profesional en espazos acuáticos naturais en cada praia, cun mínimo de dous durante a tempada de baño, encargados dos labores de salvamento e socorrismo. Existencia de equipo de salvamento adecuado e claramente sinalizado na praia, incluíndo instrucións sobre o seu modo de emprego.
- ✿ Equipo de primeiros auxilios na praia, facilmente identificable e accesible.
- ✿ Sinalización e control de zonas específicas para actividades incompatibles co baño (surf, kite surf, embarcacións, patíns acuáticos, ...).
- ✿ Plans de emerxencia locais e/ou rexionais cos que facer fronte a accidentes ou desastres ecolóxicos.
- ✿ Accesos fáciles e seguros.
- ✿ Debe existir, polo menos, un punto de auga potable na praia (Trátase dun requisito aconsellable e non imperativo).
- ✿ As praias urbanas deben dispor de puntos accesibles para todas as persoas sen discriminación para o acceso. Polo menos unha praia con Bandeira Azul no municipio, independentemente de que sexa urbana, debe dispor de acceso e sanitarios adaptados para persoas con discapacidade, excepto naqueles casos nos que a topografía claramente impída.
- ✿ Debe expor un mapa da praia indicando a localización das diferentes instalacións e servizos.

2.3 Xestión ambiental

Son 10 os criterios a cumprir en relación coa xestión ambiental das praias:

- ✿ Debe constituírse un Comité de Xestión da praia, que sexa responsable da posta en marcha e seguimento dos métodos e actividades de xestión ambiental da praia e do desenvolvemento de inspeccións ou auditorías ambientais das instalacións da praia.
- ✿ O municipio debe contar cun plan de desenvolvemento e ordenación do territorio para a súa zona litoral. Tanto o plan como as actividades que o municipio desenvolva na

zona, deben respectar a normativa vixente en materia de ordenación do territorio e protección do litoral

- ✚ A praia debe estar limpa e bien mantida en todo momento.
- ✚ Correcta instalación, mantemento e baleirado regular dun número adecuado de papeleiras e colectores.
- ✚ Deben existir na praia ou na súa contorna colectores ou infraestructuras para a recollida selectiva de residuos.
- ✚ Existencia de sanitarios adecuados e limpos, sen verteduras incontroladas ou ilegais das súas augas residuais.
- ✚ Na praia non se permite o cámping nin a circulación de vehículos non autorizados ou as verteduras de lixos.
- ✚ Prohibición de animais domésticos na praia. As normativas locais referentes á limitación de cans, cabalos e outros animais domésticos na praia, deben ser estritamente respectadas e o seu acceso ou actividade rigorosamente controlados.
- ✚ Bo mantemento e aparencia dos edificios e servizos da praia.
- ✚ O municipio promove a utilización de medios de transporte sustentables, alternativos ao vehículo privado, na área da praia, tales como a bicicleta, o acceso a pé ou o transporte público (Trátase dun criterio aconsellable e non imperativo).

2.4 Información e educación ambiental

Os criterios que debe cumprir unha praia son os seguintes:

- ✚ Debe estar exposta ao público información sobre os ecosistemas litorais, espazos litorais sensibles (Espazos Naturais Protexidos como poden ser os Lugares de Interese Comunitario (LIC), as zonas de protección para as aves (ZEPA) e os humidaes de importancia internacional ou zonas Ramsar) e especies protexidas nesa zona costeira, co obxectivo de asegurarse de que se informa e educa adecuadamente aos usuarios da praia.
- ✚ Debe estar exposta información sobre a calidade das augas de baño, dividíndose en varios niveis dependendo da calidade das mostras: excelente, boa, suficiente e insuficiente. É responsabilidade do concello a exposición ao público das mostras cos datos sobre calidade das augas de baño, con menos dun mes de antigüidade desde a

data de toma das mesmas. Os datos detallados das mostras deberán estar ao dispor de calquera persoa que os solicite nas oficinas municipais ou de turismo locais.

- ✚ Debe estar exposta á público información sobre o Programa Bandeira Azul e outros programas da Fundación Europea da Educación Ambiental (FEE). A esencia de cada unha do catro categorías dos criterios Bandeira Azul debe explicarse no panel de información.
- ✚ As normas locais de utilización da praia deben ser facilmente accesibles ao público e estar á súa disposición cando as soliciten. O código de conduta que debe seguirse na praia e a súa contorna, deberá estar exposto na mesma, e deberá incluír recomendacións e normas acerca da prohibición de animais domésticos, de vehículos de motor na area, a zonación da praia, o uso de cinceiros, a prohibición de pesca en horario de baño, a regulación da acampada e o uso de lume, horarios dos socorristas e dos servizos de primeiros auxilio, explicación do sistema de bandeiras sobre o estado do mar, teléfonos da policía e emerxencias, etc.
- ✚ O Concello debe demostrar que se ofrecen ao público, como mínimo 5 actividades de información e educación ambiental, que deben concentrarse en temas ambientais, de desenvolvemento sustentable ou de Bandeira Azul. Os diferentes tipos de actividades poden clasificarse en cinco categorías: actividades que implican unha participación pasiva, actividades que implican unha participación activa, actividades reguladas de formación, publicacións e materiais divulgativos e centros azuis de educación ambiental.

3. Inventario de praias con Bandeira Azul por concellos

3.1 Praias con Bandeira Azul do Concello de Ferrol

Praia de Doniños



Características: Praia de 1.900 metros de extensión, ventosa e con forte ondada e perigosas correntes. Ten un grao de ocupación alto en época estival. A práctica do surf é habitual, dispón de escola de surf onde se pode alugar material para practicar este deporte. Atópase incluída na Rede Natura 2000, ao formar parte do LIC 'Costa Ártabra' e da zona de especial protección para as aves 'Espazo Mariño da Costa de Ferrolterra-Valdoviño'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, zona infantil, e aparcamento. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Praia de San Xurxo



Características: Praia semiurbana que conta con 1.800 metros de extensión. A ondada e o vento son bastante fortes. O seu nivel de ocupación en época estival é alto. Comparte leito coa praia de Esmelle, da cal se separa polo pequeno arroio de 'O Xuncal'. Practícanse deportes como o surf e windsurf. A praia adoita ser sede de competicións destes deportes nas épocas de primavera e verán. Atópase incluída na Rede Natura 2000, ao

formar parte do LIC 'Costa Ártabra' e da zona de especial protección para as aves 'Espazo Mariño da Costa de Ferrolterra-Valdoviño'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos e aparcamento. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Praia de Esmelle



Características: Praia illada de 300 metros de extensión, cunha forte ondada e bastante ventosa. O seu nivel de ocupación é moderado en época de baños. Comparte leito coa praia de San Xurxo, da cal se separa polo pequeno arroio de 'O Xuncal' e é contigua á praia da Fragata. Atópase incluída na Rede Natura 2000, ao formar parte do LIC 'Costa Ártabra' e da zona de especial protección para as aves 'Espazo Mariño da Costa de Ferrolterra-Valdoviño'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, lavapés, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, zona de picnic, cámping nas proximidades e aparcamento. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Praia de A Fragata




Características: Praia semiurbana en forma de cunha, de 200 metros de extensión, que frecuentemente conta cun forte vento e forte ondada. En época estival o seu nivel de ocupación é alto. Sepárase da praia de Esmelle por unhas rocas, e é contigua á praia de 'O Vilar'. Atópase incluída na Rede Natura 2000, ao formar parte do LIC 'Costa Ártabra' e da zona de especial protección para as aves 'Espazo Mariño da Costa de Ferrolterra-Valdoviño'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, cámping nas proximidades e aparcamento. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

3.2 Praias con Bandeira Azul do Concello de Miño

Praia de Perbes-Andahío



Características: Praia semiurbana resgardada do vento, as súas augas son tranquilas e o seu grao de ocupación é alto na época estival. Ten unha extensión de 540 metros.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos e aparcamento. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

3.3 Praias con Bandeira Azul do Concello de Oleiros

Praia de Bastiagueiro



Características: Praia semiurbana de 500 metros de lonxitude e un nivel de ocupación alto na época estival. Ten ondada moderada e augas tranquilas, aínda que bastante ventosa, polo que se adoitan practicar deportes como o surf e windsurf.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, acceso para minusválidos, aparcamento, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. De fácil acceso a pé, en transporte urbano, automóbil e bicicleta xa que dispón dun carril bici que a comunica con Santa Cruz e Santa Cristina.

Praia de Espiñeiro



Características: Trátase dunha praia semiurbana de 250 metros de extensión cun alto nivel de ocupación e unhas augas habitualmente tranquilas.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, e establecementos de comida e bebida nas proximidades. Acceso fácil a pé, en coche e transporte interurbano.

Praia de Mera



Características: Trátase da praia máis visitada polos cidadáns de Mera. De 520 metros de lonxitude, ten unha taxa de ocupación alta no verán e o estado do mar é habitualmente tranquilo. Nos arredores pódese visitar o porto de Mera e o parque da Lagoa. Pódense practicar deportes como vela, esquí náutico e windsurf.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, acceso para minusválidos, aparcamento e servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano, coche e en barco.

Praia de Naval



Características: Esta praia semiurbana dispón dunha extensión de 180 metros, o seu grao de ocupación adoita ser moderado, a súa ondada tamén moderada e as súas augas tranquilas. Está principalmente composta por grava e area.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo e aparcamento. Acceso fácil a pé, en coche e en transporte interurbano.

Praia de Santa Cristina



Características: Trátase dunha praia urbana de ampla extensión, 1.520 metros, e cunha forma moi característica ao atoparse na ría do Burgo. O estado habitual das augas é tranquilo, pero en baixamar e preamar créanse fortes correntes. O seu grao de ocupación é alto. Practícanse deportes como o windsurf e a vela.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, aparcamento e un carril bici nas inmediacións. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Fácil acceso a pé, en autobús urbano, e coche.

3.4 Praias con Bandeira Azul do Concello de A Coruña

Praia de San Amaro



Características: Praia urbana de area dourada e augas cristalinas cunha extensión de 105 metros, ten unha alta ocupación. Esta praia é apta para practicar submarinismo, o Club do Mar de San Amaro ofrece cursos desde maio ata outubro.

Servizos: Accesos fáciles tanto a pé como en vehículo e transporte urbano, aparcamento, acceso para minusválidos, papeleiras, vixilancia, duchas e aseos.

Establecementos de comida e bebida nas proximidades.

Praia de Riazor



Características: Praia situada no corazón da cidade da Coruña. Cunha extensión de 570 metros, é unha praia cunha alta ocupación nos meses estivais. Debido á súa ondada, practícanse deportes como o surf, windsurf e kitesurf.

Servizos: Acceso fácil a pé, en coche e transporte urbano, acceso para minusválidos, vixilancia e socorrismo, aparcamento, papeleiras, duchas, aseos,

aluguer de hamacas e tumbonas, establecemento de comida e bebidas nas proximidades.

Praia de Orzán-Matadero



do Orzán.

Características: Conxunto de praias urbanas situadas en pleno centro histórico da cidade da Coruña cunha alta ocupación. Con vento e ondada moderados. Son xunto coa Praia de Riazor as praias por excelencia da cidade da Coruña. Só sepáraas desta o coñecido Rompeolas. A praia do Matadoiro está moi concorrida nos meses estivais debido ao resguardo do vento que ofrece, a súa ondada así mesmo é inferior que a praia

Servizos: Acceso fácil a pé, en coche e transporte urbano. Dispón de acceso para minusválidos, duchas, aseos, aparcamento, papeleiras, vixilancia e socorrismo. Establecementos de comida e bebida nas proximidades. Practícanse habitualmente deportes como o surf.

Praia das Lapas



Características: Praia situada ao pé da Torre de Hércules, en plena cidade da Coruña. Ten unha ocupación alta e conta cunha lonxitude de 70 metros. Atópase resgardada pola contorna natural, ten augas tranquilas e ondada moderada.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, servizo de limpeza, aparcamento, acceso para minusválidos, papeleiras, vixilancia e socorrismo. De fácil acceso a pé, en transporte urbano e automóbil.

Praia de Oza



Foto: Concello da Coruña

Características: Praia urbana situada ao abrigo do vento e das olas. Xunto á praia encóntrase a dársena de Oza, co club marítimo de Oza-O Puntal, uns varadeiros e o recheo da antiga Praia de Lazareto. Próximo á Praia encontrase o Hospital Marítimo de Oza.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, lavapés, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, porto deportivo, club náutico e aparcamento. Establecementos de comida e bebida nas proximidades. Fácil acceso a pé, en autobús urbano e en coche.

3.5 Praias con Bandeira Azul do Concello de Arteixo

Praia de O Rei



Foto: Wordpress

Características: Praia semiurbana de 180 metros de lonxitude, cunha forte ondada e bastante ventosa. Trátase dunha cala pouco concorrida en época estival.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, e aparcamento. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades.

Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Praia de Barrañán



Características: Praia de 1.100 metros de extensión e forma rectilínea. Habitualmente ventosa e cunha forte ondada, o que a converte nun excelente lugar para a práctica de surf. A pesar do vento, a forte ondada e as perigosas correntes, o seu grao de ocupación é alto en época estival. Atópase incluída na Rede Natura 2000, ao formar parte do LIC 'Costa da Morte'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, cámping nas proximidades e aparcamento. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Praia de Combouzas



Características: Praia nudista contigua á praia de Barrañán, coa que forma unha soa praia en preamar. Ten unha ondada e un vento moi forte, polo que o baño faise moi perigoso e a Bandeiravermella, marcando o perigo de meterse na auga, adoita ondear a miúdo. Atópase incluída na Rede Natura 2000, ao formar parte do LIC 'Costa da Morte'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, área de picnic e aparcamento. Dispón de establecementos de bebida e cámping nas proximidades. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Praia de Valcovo



Características: Praia triangular de 255 metros de extensión con forte ondada, fortes ventos e correntes perigosas. A súa ocupación en época estival é alta debido á súa proximidade ao casco urbano de Arteixo. Atópase incluída na Rede Natura 2000, ao formar parte do LIC 'Costa da Morte'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, área de picnic, cámping nas inmediacións e aparcamento. Dispón de establecementos de comida e venda de bebidas. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Praia de Hucha



Características: Esta pequena praia de 95 metros de extensión adoita ser coñecida tamén co nome de 'Area Pequena'. A ondada varía, sendo forte en ocasións. O seu estado de ocupación en época estival é alto. Atópase incluída na Rede Natura 2000, ao formar parte do LIC 'Costa da Morte'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, área de picnic, e aparcamento. Dispón de establecementos de venda de bebidas. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Praia de A Salsa



Foto: Turisbox

Características: Praia illada de 145 metros de extensión, cun grao de ocupación medio e de ondada moderada. Atópase nunha zona rochosa e de cantís. Está incluída na Rede Natura 2000, ao formar parte do LIC 'Costa da Morte'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, e aparcamento. Dispón de establecementos venda de bebidas. Fácil

acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Praia de Alba-Sabón




Foto: Galiciamaxica

Características: Praia semiurbana de 800 metros de extensión, cun grao de ocupación en época estival moderado e unha ondada forte. Na contorna da praia atópase a central térmica de Sabón, o encoro de Rosadoiro e o porto exterior da Coruña 'Punta Langosteira'. Atópase incluída na Rede Natura 2000, ao formar parte do LIC 'Costa da Morte'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, e aparcamento. Dispón de establecementos de venda de bebidas. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

3.6 Praias con Bandeira Azul do Concello de A Laracha

Praia de Caión



Características: Tamén coñecida como ‘Praia de Caracoliño’ ou ‘Praia de Salseiras’, ten unha extensión de 850 metros. A súa ocupación adoita ser alta en época estival por atoparse resgardada do vento, pero a súa ondada adoita ser moderada polo que se adoita practicar o surf.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos e aparcamento. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

3.7 Praias con Bandeira Azul do Concello de Carballo

Praia da Pedra do Sal



Características: Praia semi-urbana composta por rochas e area que está incluída na Rede Natura 2.000 ao formar parte do LIC ‘Costa da Morte’, ten unha extensión de 300 metros e o seu nivel de ocupación é medio. O estado de ondada é moderada-forte.

Servizos: Dispón de duchas, aparcamento, papeleiras, servizo de vixilancia e socorrismo. Acceso fácil a pé, en vehículo e transporte interurbano.

Praia de Baldaio-Saíñas



Características: Praia extensa que se atopa dentro das Marismas de Baldaio, incluídas na Rede Natura 2.000 ao atoparse dentro da zona ZEPA e do LIC 'Costa da Morte'. Conta cunha extensión de 4.000 metros e o seu nivel de ocupación é alto.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, acceso para minusválidos, e servizo de vixilancia e socorrismo. Acceso fácil a pé, en vehículo e transporte interurbano.

Dispón ademais dun punto de observación ornitolóxica e roteiros ornitolóxicos pola zona.

Praia de Razo



Características: Praia de 5.500 metros de lonxitude, aberta e practicamente unida á Praia de Baldaio, xunto ao conxunto dunar, lagoa e marismas. A area é branca e fina, trátase dunha Praia ventosa, ideal para a práctica de surf. incluídas na Rede Natura 2.000 ao atoparse dentro da zona ZEPA e do LIC 'Costa da Morte'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, teléfono, acceso para minusválidos, aparcamento, zona infantil e servizo de vixilancia e socorrismo. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades.

Acceso fácil a pé, en vehículo e transporte interurbano.

3.8 Praias con Bandeira Azul do Concello de Ponteceso

Praia de Balarés



Características: Areal que inclúe dúas praias: Balarés grande e Balarés pequena. Conta cunha extensión de 350 metros, un grao de ondada moderada e unha ocupación alta en época estival. Nun extremo do areal atópanse restos dun embarcadoiro desde o que se exportaba wolframio aos alemáns durante a Segunda Guerra Mundial. Atópase incluída na Rede Natura 2000, ao formar parte do LIC 'Costa da Morte'. O Festival 'V de Valarés' celébrase todos os anos no mes de agosto

nas inmediacións da praia.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, zona infantil, zona de recreo con mesas e grelladas e aparcamento. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Fácil acceso en autobús interurbano e en coche.


Praia de A Ermida



Características: Praia situada nunha contorna rural, de 250 metros de extensión, un grao medio de ocupación e unha ondada moderada. Desde ela pódese gozar dunha bonita panorámica da próxima illa de 'A Estrela', a cal estivo nun pasado unida á praia por un brazo de area do que na actualidade só queda a praia. Atópase incluída na Rede Natura 2000, ao formar parte do LIC 'Costa da Morte'.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, zona recreativa infantil, zona forestal de recreo con mesas e grelladas e aparcamento. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Praia de O Osmo



Características: Praia semiurbana resgardada do vento, de 350 metros de extensión, un grao de ocupación medio, e de ondada moderada. Na praia hai unha zona denominada 'A Furna' na que se celebra no mes de agosto o festival musical 'A Furna dos encantos'.

Servizos: Dispón de duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos e aparcamento. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

3.9 Praias con Bandeira Azul do Concello de Camariñas

Praia de Arou




Características: Praia semiurbana de 130 metros de lonxitude. Ten un grao de ocupación medio, ondada moderada e bastante vento.

Servizos: Dispón de duchas, aparcamento, papeleiras, acceso para minusválidos, zona infantil e servizo de vixilancia e socorrismo. Establecementos de comida e bebida nas proximidades. Acceso fácil a pé, en vehículo e transporte interurbano.

3.10 Praias con Bandeira Azul do Concello de Dumbría

Praia de Ézaro



Características: Praia urbana situada na desembocadura do río Xallas. A súa extensión é de 800 metros e a súa taxa de ocupación moderada. O vento está presente habitualmente neste areal, e ten unha ondada moderada.

Servizos: Dispón de duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo e acceso para minusválidos. Dispón de oficina de turismo, área de picnic e establecementos de comida e bebida nas proximidades. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

3.11 Praias con Bandeira Azul do Concello de Boiro

Praia de Barraña



Características: Praia de gran extensión cuns 2.150 metros de prolongación, ten un nivel de ocupación alto en época estival sendo a praia máis visitada do Concello. O estado das augas é habitualmente tranquilo aínda que adoita ser algo ventosa.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, club náutico, acceso para minusválidos, establecemento de venda de bebidas, oficina de turismo e aparcamento. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en

coche. Dispón ademais dun carril bici na súa periferia, unha zona cerrada para a práctica de voleipraia e unha zona para a realización de prácticas biosaludables.

Praia de Carragueiros



Características: Praia resgardada de 1.510 metros de lonxitude bordeada por un paseo marítimo de madeira. O grao de ocupación en tempada de baños é alto e o estado do mar tranquilo. Fronte á praia atópase a 'Illa da Bensa', á que se pode acceder en barco ou a nado. Próxima á praia, atópase unha lagoa rica en flora e fauna.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, club náutico, acceso para minusválidos, establecemento de venda de comidas e bebidas, e aparcamento. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche.

Praia de Barraña-Saltiño



Características: Praia de 850 metros de extensión, cunha ocupación alta en época estival e unhas augas tranquilas. É contigua á praia de Barraña.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos, establecemento de venda de bebidas e comidas, cámping e área de autocaravanas e aparcamento. Fácil acceso a pé, en autobús interurbano e en coche. Comparte o carril bici, a zona cerrada para a práctica de voleibol e a zona para a realización de prácticas biosaludables coa praia de Barraña.

3.12 Praias con Bandeira Azul do Concello de Laxe

Praia de Laxe



Características: Praia situada no centro urbano de Laxe con areas brancas e finas e unha extensión de 1.400 metros. É unha zona de alto valor paisaxístico e está incluída no LIC de 'Costa da Morte'. O seu grao de ocupación é alto e a súa ondada moderada.

Servizos: Dispón de aseos, duchas, papeleiras, aparcamento, club náutico, porto deportivo, servizos de vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos e oficina de turismo. Dispón de establecementos de comida e bebida nas proximidades. Acceso fácil a pé, en coche e transporte interurbano.

3.13 Praias con Bandeira Azul do Concello de Bergondo

Praia de Gandarío



Características: Praia en contorna semiurbano, rectilínea, de area branca e fina. Ventosa (apta para o windsurf e a vela, con límite permitido de 50m), con augas tranquilas e ondada moderada. Fermosas vistas da ría de Betanzos. Ten unha lonxitude de 690 metros e unha anchura de 63 metros.

Servizos: Dispós de aseos, duchas, apeleras, aluguer de náuticos, zona deportiva, servizo de limpeza e de hostalería. De fácil acceso a pé e para discapacitados. Realízanse actividades deportivas dado que se sitúa un albergue nas proximidades da praia (piraguas, remo, vea, xogos, etc.). Existen numerosos cámping nas inmediacións da praia.

3.14 Praias con Bandeira Azul do Concello de Ribeira

Praia de Coroso



Características: Praia urbana situada en Santa Uxía de Ribeira, de augas tranquilas e area branca cunha anchura de 20 metros e unha lonxitude de 1.700 metros. Goza de excelentes vistas a Ribeira, á illa de Rúa e a ría de Arousa. Si a isto sumámoslle que Ribeira tamén ten parte do seu territorio —Isla de Sálvora— dentro do Parque nacional das Illas Atlánticas, pódese garantir unha contorna natural envexable.

Servizos: Acceso fácil a pé, en coche e transporte interurbano así como acceso para discapacitados. Dispón de baños, duchas, servizos de limpeza e aparcamento non vixiado. Próximo a Coroso, a 0,4 km., atópase o Porto Deportivo de Ribeira.

4. “Guía de interpretación dos criterios para a concesión de Bandeira Azul para portos 2020”

Segundo a ADEAC, un porto deportivo con bandeira azul pode definirse da seguinte maneira: “Un porto deportivo Bandeira Azul pode ser un porto con pantaláns ou con peiraos destinados a barcos de recreo. Pode formar parte dun porto máis grande, que realice outras actividades, si o porto deportivo con Bandeira Azul está claramente separado das outras actividades do porto. Os portos deportivos deben ser navegables e poden ser marítimos ou fluviais. Estes portos deportivos deben contar coas instalación necesarias para cumprir cos criterios Bandeira Azul. Debe designarse a unha persoa responsable no porto deportivo para ocuparse das relacións co Programa Bandeira Azul. A FEE (Fundación Europea de Educación Ambiental) pode realizar inspeccións, tanto anunciadas como sen aviso previo, ao porto deportivo e este deberá facilitar a realización das estas inspeccións.”

No caso dos portos deportivos, a ADEAC tamén conta cunha “Guía de Interpretación dos Criterios para a Concesión da Bandeira Azul para Portos 2018”³, na que se establecen unha serie de criterios que deben cumprir os portos deportivos para poder acceder a este galardón.

3.15 Información e Educación Ambiental

Son 5 os criterios imperativos a cumprir para acceder ao galardón:

-  Existencia de información ambiental a disposición dos usuarios do porto sobre as áreas mariñas e espazos naturais sensibles cercanos ao porto, máis concretamente a un radio de 5 millas náuticas. Debe incluírse ademáis, un código de conducta dos comportamentos adecuados para a visita dos espazos naturais sensibles.
-  O código de conduta ambiental do porto debe estar exposto ao público, que debe incluír, entre outras cousas, a prohibición de vertidos de basuras e a utilización das instalación receptoras de reciclado de residuos.

³ Guía de Interpretación dos criterios para a concesión de Bandeira Azul para portos 2020. Dispoñible en: <http://www.banderaazul.org/sites/default/files/2020/GuiaPuertosBA2020.pdf>

- ✿ A información sobre o Programa Bandeira Azul e os criterios de concesión debe estar exposta ao público.
- ✿ O porto debe comprometerse a ofrecer aos seus usuarios e ao seu persoal polo menos 3 actividades en educación ambiental. Estas actividades deben centrarse en temas ambientais, de desenvolvemento sustentable ou de Bandeira Azul. Ademais, promoveranse actividades destinadas a previr o lixo mariño.
- ✿ O porto deportivo ofrece a Bandeira Azul para patróns de embarcacións.

Ademais, existen dos criterios “guía”, non imperativos pero sí aconsellables:

- ✿ Deben celebrarse reunións anuais co persoal do porto para tratar temas relacionados co medio ambiente, a sustentabilidade e a Bandeira Azul.
- ✿ Todo persoal do porto debe coñecer e poder explicar aos usuarios en qué consiste o Programa Bandeira Azul.

3.16 Xestión Ambiental

No ámbito da xestión ambiental establécense 22 criterios:

- ✿ Debe constituírse un comité para a xestión ambiental do porto, que colabore cos responsables da implantación do sistema de xestión ambiental, así como coa realización periódica dunha auditoría ambiental das súas instalacións. Este é un criterio non imperativo, senón que aconsellable.
- ✿ Elaboración dun plan e unha política ambiental no porto deportivo. Este plan debe incluír referencias á auga, residuos e consumo de enerxía, seguridade e saúde, así como o uso de produtos ecolóxicos, cando estean dispoñibles.
- ✿ Xestión das áreas mariñas sensibles. Naqueles casos en que o porto deportivo atópese moi preto (a un radio de 5 millas náuticas) ou englobado por unha área mariña sensible, débese contactar coa organización responsable desta área para recibir información sobre a xestión da área e asesoramento sobre a xestión ambiental do porto en relación coa área sensible. Si se trata dunha área mariña protexida, o porto debe contactar cos responsables da súa xestión e colaborar cos obxectivos de conservación da biodiversidade de especies e dos ecosistemas mariños.
- ✿ Presenza de colectores de recollida selectiva de lixo, adecuados e identificados correctamente para depositar os residuos perigosos (pinturas, disolventes, anti-

fouling, pilas, aceite usado, bengalas). Os residuos deben ser tratados por un xestor legalmente autorizado, e dispostos nunhas instalacións autorizadas para residuos perigosos.

- ✚ Existencia de colectores de lixos e/ou papeleiras adecuadas. A recollida do lixo debe ser xestionado por unha empresa autorizada e o traslado a instalacións autorizadas.
- ✚ O porto deportivo debe contar con instalacións para a recollida selectiva de residuos, tales como vidro, envases, papel e cartón, materia orgánica, etc.
- ✚ Dispositivos para o achique de sentinas presentes no porto deportivo.
- ✚ Existencia no porto dun dispositivo para a recollida de augas residuais de embarcacións.
- ✚ Todos os equipos e edificios deben estar en bo estado e ser conformes coa lexislación nacional. O porto deportivo debe estar ben integrado na súa contorna natural e construída.
- ✚ Débese contar con instalacións sanitarias adecuadas, limpas e ben sinalizadas, incluíndo servizos de lavandería e auga potable. O tratamento das augas residuais debe realizarse mediante unha instalación autorizada.
- ✚ Si existe no porto deportivo unha zona de reparación ou lavado de embarcacións (varadoiro), non debe entrar ningún tipo de contaminación no sistema de augas residuais, nin no porto deportivo, nin as súas augas ou a súa contorna natural. Recoméndase, ademáis, entregar un manual de boas prácticas e normas de uso do varadoiro aos traballadores externos.
- ✚ Promoción do transporte sostible.
- ✚ Prohibición de aparcar ou conducir no porto deportivo, excepto nas zonas específicas designadas.

Os seguintes criterios son criterios guía, non imperativos pero si de aconsellable cumprimento:

- ✚ Débese rexistrar o consumo de auga nas instalacións sanitarias.
- ✚ Débese rexistrar o consumo de electricidade e outras fontes de enerxía tales como gas ou gasoil.
- ✚ Utilización de produtos de limpeza respectuosos co medio ambiente.
- ✚ O papel hixiénico e outros tipos de papel sanitario deben ser libres de cloro ou contar cunha ecoetiqueta. O xabón de manos debe ofrecerse mediante un dispensador con sistema de dosificación.

- ✚ Utilización de iluminación enerxética eficiente. Existencia de sensores de presenza e/ou liminosidade que regulan a luz de forma automática.
- ✚ O porto deportivo utiliza enerxías renovables: enerxía solar térmica ou fotovoltaica, eólica, hidráulica, biogás ou biomasa, xeotérmica, etc.
- ✚ O porto deportivo debe tender á neutralidade climática.
- ✚ As zonas verdes do porto deben xestionarse de maneira sustentable.
- ✚ O porto deportivo debe fomentar a adquisición de man de obra, subministracións e materias primas locais. O porto deportivo debe favorecer a compra e/ou utilización de produtos ecolóxicos e/ou de comercio xusto.

3.17 Seguridade e Servizos

Son 6 os criterios que deben cumprir os portos deportivos para poder obter o galardón:

- ✚ Equipamento de salvamento e socorrismo, de primeiros auxilios e contra incendios, adecuados e ben sinalizados. Estes equipamentos deben estar aprobados polas autoridades competentes.
- ✚ Elaboración dun plan de emerxencia para casos de contaminación, lume ou outros accidentes, que poidan producirse no porto deportivo.
- ✚ A información xeral sobre precaucións de seguridade debe exhibirse no porto.
- ✚ Os dispositivos de subministración de auga e electricidade dispoñibles nos amarres deben estar aprobados de acordo coa lexislación nacional.
- ✚ Instalacións adaptadas a persoas con discapacidades. Deben incluírse polo menos acceso para persoas con mobilidade reducida, aparcamentos sinalizados e reservados para persoas con mobilidade reducida e acceso ás instalacións sanitarias adaptadas.
- ✚ Exposición dun mapa que indique a situación das diferentes instalacións dentro do porto deportivo.

3.18 Calidade das augas

Neste ámbito o único criterio a cumprir é o seguinte:

- ✚ Porto deportivo e auga limpos (sen aceites, lixo, augas residuais calquera outro tipo de elementos contaminantes).

3.19 Responsabilidade Social Corporativa

Nesta categoría só se inclúen dos criterios guía, non imperativos pero de aconsellable cumprimento:

- ✶ O porto deportivo conta cunha política de responsabilidade social corporativa no relativo aos Dereitos Humanos, Anticorrupción e Igualdade de oportunidades das mulleres, a poboación local e as minorías.
- ✶ O porto deportivo pon en marcha polo menos dúas medidas para fomentar as relacións coa comunidade local e para mellorar o seu compromiso social.

5. Inventario de Portos Deportivos con Bandeira Azul

3.20 Club Náutico Marina Cabo de Cruz (Boiro)



Foto: Concello de Boiro

Localización: N: 42º 36' 6" W: 08º 53' 3". Cartas Náuticas: 41, 41B, 42 IHM.

Servizos: Capitanía, marinería, auga e electricidade en pantaláns, servizos de video vixilancia, contra incendios e seguridade, parking controlado por barreiras, portas de acceso a pantalans con fechadura, carros de varada e máquina a presión para limpeza, rampa de varada, duchas e vestiarios, recollida selectiva de lixo e aceites, aparcamento.

Amarres: 194 | Eslora admitida: De 6 a 18 m | Calado: 4.50 m mínimo.

Na Enseada de Boiro atópanse habilitadas tres zonas de produción de moluscos: a zona de produción coñecida como "Enseada da Pobra do Caramiñal e Cabo de Cruz" (código GAL-09/05) e dous polígonos de batea: o "Poligono Ou Caramiñal A-B-C" (código GAL-17) e o "Poligono Ou Carmiñal D-E" (código GAL-18), na que se produce e cría a especie *Mytilus Edulis* (Mexillón). Todas elas están xestionadas pola Confraría de Cabo de Cruz.

3.21 Real Club Náutico Portosín (Porto do Son)



Foto: Turismo de Galicia

Localización: 42º 45' 8 N 008º 56' 6W Cartas Náuticas 415, 415A, 4151 IHM.

Servizos: Xestión de documentación, información turística e do porto, reservas de taxis, horarios de autobuses, alquiler de vehículos, entrega de tarxeta para accesos, suministro de auga, enerxía eléctrica e combustible (gasoil), grúa, cunas, secado de velas, recarga de baterías, mantemento de embarcacións, sistema de reciclaxe de residuos, recollida de aceites, residuos perigosos e augas residuais, escola

homologada de vela e titulacións náuticas, organización de eventos náutico –deportivos, sociais e culturais, Wifi e bicicletas gratuitas, salón social e salón xuvenil, cafetería – restaurante, biblioteca, sala de comunicación, cambiador de bebés, parque infantil, pista de pádel, duchas e vestiarios, lavandería, aparcamento, teléfono público, camarotes e video vixilancia.

Amarres: 210 | Eslora: De 8 a 30m | Calado: 2 a 3 metros, 9 m en bocana

3.22 Club Náutico de Camariñas



Foto: Margalaica

Localización: Coordenadas: 43º 7' 38" N, 9º 10' 60" W Cartas Náuticas 928, 927, 4131, 4141 IHM

Servizos: Servizo de marinería, axuda en atraques, vixilancia, asistencia técnica, mantemento e reparación de embarcacións, mecánica de motores e carpintería, suministro de gasoil, auga e electricidade, Wifi en toda a área portuaria, servizo de lavado e secado de roupa, vestiarios, duchas e aseos, acceso para minusválidos, servizo de radio VHF (canal 9) e información meteorolóxica, recollida selectiva de residuos, servizo

de inspección técnica de embarcacións e café – bar.

Amarres: 83 | Eslora: De 8 a 12m | Calado: 2 a 4 metros, 8 en bocana

3.23 Club Náutico Marina Real (A Coruña)



Foto: RCN Coruña

Localización: 43º 22'N 008º 23'W Cartas Náuticas: 412, 412A, 4122, 4123, 4126, IHM.

Servizos: Auga, electricidade, aseos e duchas, lavadora e secadora, Wi Fi, marinería de axuda á maniobra, bomba de combustible (gasóil/gasolina), facilidades en reparación de embarcacións, información meteorolóxica, vixilancia 24 horas, acceso restrinxido, escola de vela e buceo, escola de titulacións náuticas, teléfono público, instalacións habilitadas para discapacitados, e instalacións receptoras de residuos oleosos e perigosos.

Amarres: 350 | Eslora: De 8 a 30 m | Calado: 2 a 3m, 9 en bocana

3.24 Club Náutico Sada




Foto: Náutico de Sada

Localización: 43°21.57'N 8°14.94'W Cartas Náuticas: 412, 4122, 4125, 4126 IHM.

Servizos: Peirao de espera, servizo de vixilancia, auga e electricidade en pantaláns, servizo contra incendios e seguridade, acceso restrinxido a pantaláns, marina seca, ofrece todo tipo de reparacións, servizo de marinería, capitanía, duchas, vestiarios, restaurante-bar, gasolineira, recollida selectiva de lixo, contenedor para aceites, recarga e alquiler de botellas de buceo, información meteorolóxica, salón social e Wi-fi nas instalacións do club.

Amarres: 313 | Eslora: De 6 a 16m | Calado: 2 a 3m, 4 en bocana

3.25 Puerto Deportivo Sadamar



Localización: 43°21'7 N – 008°14',6 W Cartas Náuticas:
CARTAS NÁUTICAS: 412, 4122, 4125, 4126 IHM.

Servizos: Auga e electricidade en pantaláns, gasoleira 24h. ao día os 365 días do ano, varadero valado en todo o seu perímetro e conta con vixilancia 24 horas. Ofrece a limpeza de fondos, Travelift de 50 toneladas, aparcamento para clientes, duchas, servizo de mariñeiría, wifi gratuito, servizo contra incendios, lavandería e dispón de punto de reciclaxe.

Amarres: 699 | Eslora: De 6 a 20m | Calado: 2 a 3m, 4 en bocana

6. Bibliografía

-  Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor
-  Guías de Praias e Portos
-  Guías MasMar “*Playa y puertos deportivos con Bandera Azul en Galicia*”
-  Turismo de Galicia

Este informe é exclusivamente un documento de traballo interno do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. As consideracións nel reflectidas non se corresponden necesariamente coas propias da Deputación da Coruña.